



escola oficial
de idiomas
da **Coruña**

GUÍA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

GUÍA DE PAUTAS Y PROTOCOLOS DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA:

- FICHAS DE ACTUACIÓN
- PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN
- MARCO LEGISLATIVO

Índice de Contidos

Guía de atención á diversidade

- 01 Introducción
- 02 Fichas de Pautas Específicas por NEE
- 03 Protocolo de Adaptación
- 04 Marco Lexislativo

Este documento recompila un conxunto de fichas breves e operativas de actuación para a aula de idiomas, elaboradas polo profesorado participante no marco do PFPP, Aulas inclusivas: habilidades para atender a diversidade. O seu propósito é servir como ferramenta de consulta rápida, útil para o día a día docente, especialmente nun centro como a EOI, cun alumnado adulto, diverso e con perfís moi heteroxéneos en experiencias educativas, ritmos de aprendizaxe e situacións persoais.

O documento estrutúrase en apartados temáticos, por unha banda, as necesidades máis salientables no noso perfil de alumnado e as situacións máis habituais na práctica docente.

E por outra banda, incorpóranse: unha guía sobre solicitude de adaptación e un apartado de lexislación como marco de referencia para garantir actuacións coherentes e seguras.

As medidas recollidas non substitúen os procedementos oficiais nin a coordinación co equipo directivo e os servizos correspondentes cando sexa necesario, pero si ofrecen un marco común para actuar con criterio, sensibilidade e eficacia ante situacións frecuentes.

Este documento é unha ferramenta viva: poderá ampliarse e actualizarse coas achegas do profesorado e coa experiencia acumulada no centro. O obxectivo final é fortalecer unha cultura compartida de inclusión, na que cada docente dispoña de recursos claros para acompañar mellor, reducir barreiras e potenciar a aprendizaxe do alumnado, garantindo un clima de aula seguro e favorecedor para todas as persoas.

Inclúe fichas específicas para:

- **TDAH**
- **Dislexia**
- **TEA**
- **Asperger**
- **Dificultades de audición**
- **Dificultades viduais**
- **Dificultades motoras**
- **Altas capacidades**
- **Sobrecarga cognitiva**



ACOMPANHAR

Estratexias metodolóxicas:

Alternar explicacións breves con actividades prácticas, traballo cooperativo e uso de recursos visuais ou manipulativos.

Apoios que faciliten a comprensión:

Proporcionar esquemas, resumos, palabras clave ou exemplos modelo antes de comezar unha tarefa. Tamén é útil dividir as actividades longas en pequenos pasos e comprobar a comprensión con preguntas sinxelas.

Adaptar tempos e instrumentos de avaliación:

Dar máis tempo cando sexa necesario, permitir respostas orais en lugar de escritas nalgúns casos ou empregar rúbricas claras.

Fomentar o acompañamento académico e emocional:

Establecer momentos de tutoría individual, reforzar positivamente os avances e crear un clima de aula seguro onde o erro se vexa como parte da aprendizaxe.



EVITAR

Ignorar a súa necesidade de movemento:

Non obrigar a permanecer sentado e inmóbil longos períodos de tempo, permitir descansos e cambios de postura.

Saturación de tarefas:

Non esixir a mesma cantidade de traballo e ao mesmo ritmo que ao demais alumnado, deberíase reducir a carga ou fragmentar as tarefas.

Evidenciar publicamente:

Evitar mencionar erros ou comportamentos inadecuados diante dos compañeiros, xa que a súa autoestima é fráxil.

Penalizar a mala caligrafía:

Non baixar nota pola mala presentación ou escritura, xa que con frecuencia teñen problemas motores ou de escritura rápida.



POTENCIAR

Participación activa nas tarefas:

Propoñer tarefas curtas e variadas que lle permitan manter a atención. Fomentar a responsabilidade na aula (por exemplo, proporlle actuar como moderador/a dun debate, etc.) para reforzar o sentido de pertenza e utilidade. Favorecer a participación oral estruturada en tempos breves e con preguntas guiadas.

Autonomía:

Uso de checklists para simplificar tarefas complexas, Uso de temporizadores para autorregular a atención. Dividir o traballo en tramos asumibles.

Autoestima:

Establecer obxectivos pequenos e alcanzables. Dar feedback inmediato e específico. Evitar comparacións con outros/as compañeiros/as e recoñecer o esforzo individual.



ACOMPANHAR

• **Dar reforzo positivo:**

Valorar o esforzo e a dedicación por riba do resultado final para manter a súa motivación.

• **Facilitar axudas intencionais:**

Usar regras ou marcas para non perder a liña e ofrecer modelos de avaliación máis curtos.

• **Adaptar o formato de lectura:**

Entregar textos con tipografía clara (Arial 14), espazos amplos e suprimir distractores visuais como as imaxes.

• **Conceder máis tempo:**

Permitir que procesen a información e realicen as tarefas ao seu propio ritmo, sen presión cronometrada.



EVITAR

- Transmitir instrucións só por escrito ou só oralmente, sen apoio visual complementario.
- Presentar instrucións ou textos en bloques longos, densos e pouco segmentados.
- Devolver producións escritas con exceso de marcas correctoras que dificulten a lectura do feedback.
- •Expor información importante de maneira incidental, sen estrutura nin planificación clara.
- •Empregar linguaxe metalingüística excesivamente abstracta e pouco apoiada en exemplos.
- Focalizar a intervención unicamente nos erros, sen valorar tamén os logros comunicativos.
- Pedir lecturas en voz alta sen preparación previa.
- Corrixir a pronuncia durante a lectura, aumentando a carga cognitiva da tarefa.



POTENCIAR

- Dar apoio oral ás explicacións e instrucións, para reforzar a comprensión e reducir a carga da lectura.
- Presentar o vocabulario e as estruturas clave antes das tarefas, facilitando o acceso ao contido na lingua estranxeira.
- •Usar apoios visuais e modelos claros, que axuden a comprender, organizar e seguir a actividade.
- Reforzar as súas fortalezas comunicativas, ofrecendo formas variadas de participación para favorecer a confianza e o progreso.



ACOMPANHAR

· Estrutura visual da clase:

Publicar no encerado dixital a orde do día con palabras clave para que o alumnado saiba que vai pasar en cada momento.

· Instrucións directas:

Dar as ordes de xeito secuencial (paso a paso) e por escrito, evitando frases ambiguas ou excesivamente longas.

· Anticipación de cambios:

Avisar con uns minutos de antelación antes de cambiar de actividade ou se vai haber unha modificación na rutina habitual da aula.

· Tempo de procesamento:

Dar uns segundos extra tras facer unha pregunta para que o alumnado poida procesar a linguaxe e organizar a súa resposta.



EVITAR

· Linguaxe figurada sen apoio:

Evitar o uso de ironías, dobres sentidos ou metáforas moi abstractas sen explicalas, xa que poden levar a malentendidos.

· Sobrecarga sensorial:

Tentar non realizar actividades con moito balbordo ou materiais visuais excesivamente recargados que poidan distraer ou abafar.

· Improvisación constante:

Evitar romper a previsibilidade da clase sen aviso previo, pois isto pode xerar ansiedade no alumnado con TEA.

· Forzar contacto ou traballo en grupo sen

roles: Non obrigar a interaccións sociais espontáneas sen definir antes que papel ten que desempeñar cada persoa no grupo.



POTENCIAR

· Intereses específicos:

Integrar os temas de interese do alumnado (hobbies, tecnoloxía, ciencia, etc.) nas tarefas de expresión oral ou escrita.

· Atención ao detalle:

Aproveitar a súa gran capacidade de observación para tarefas de revisión gramatical ou corrección de textos.

· Autonomía mediante listas:

Empregar checklists ou guías de auto-avaliación que lles permitan traballar de xeito independente e sentir control sobre a súa aprendizaxe.

· Memoria visual e rutinas:

Reforzar o seu éxito ao seguir as rutinas da aula, o que axuda a construír a súa autoestima e seguridade persoal.



ACOMPANHAR

Estratexias metodolóxicas:

- Establecer rutinas claras para conservar unha estrutura predicible (axenda, tempos aproximados) para reducir a ansiedade e anticipar o que acontecerá.
- Ofrecer modelos antes de pedir produción libre.
- Dar alternativas de participacion (p.ex. se ten dificultades para participar en grupo grande, pódenselle dar outras opcións, como falar en parella, responder por escrito ou gravar audio).

Apoios que facilitan a aprendizaxe:

- Crear un entorno sensorial amable: evitar estímulos excesivos e cambios bruscos. Deixarlle facer pausas breves se o necesita.

Acompañamento académico e/ou emocional:

- Reforzar fortalezas lingüísticas para aumentar motivación e autoestima (precisión, memoria, intereses específicos ou atención ao detalle).



EVITAR

- Instrucións ambiguas ou pouco claras;
- Tarefas excesivamente longas;
- Ter elementos distractores preto do alumno/a;
- Ser condescendente ou manter sempre ao alumno/a na súa zona de confort.



POTENCIAR

- Boa parte do alumnado con TEA presenta intereses en temas moi concretos, de modo que incorporar estas cuestións ao ensino pode incentivar en grao sumo a súa motivación.
- Establecer tarefas pequenas, con secuencias ben estruturadas e definidas, contribúen para a consecución dun dado obxectivo final e favorecen o traballo autónomo do alumnado.
- Os métodos visuais e multisensoriais (tarxetas, por exemplo) axudan a captar a atención e mellorar a retención de conceptos do alumnado con TEA. Actividades que introduzan este tipo de estímulos gráficos favorecerán a integración e interacción social do alumnado con TEA e, xa que logo, a súa autoestima.



ACOMPANHAR

- Axendar unha titoría para planificar as estratexias (se cadra isto é demasiado xeral, porque é aplicable a moitos casos).
- Familiarizar os/as estudantes co tema do audio ou video, por medio de algunha actividade oral ou lectura previa.
- Ollar cara a cara o/a estudante e verbalizar de maneira clara.
- Formular instrucións claras e presentalas con apoio xestual ou visual.
- Aumentar o número de repeticións.
- Disponibilizar o material na aula virtual e usar ordenador con auriculares nos casos que o requiran.



EVITAR

- Tarefas con retos innecesariamente complicados para o nivel.
- Explicacións previas apresuradas e confusas.
- Repeticións excesivas da tarefa, que poidan asinalar o/a estudante como causante das mesmas.



POTENCIAR

- Pedir, nalgunhas tarefas, respostas en grupo ou en parellas, a fin de atenuar o grao de exposición diante do grupo.
- Discriminar, nalgunhas tarefas, entre respostas que debe dar todo o grupo e outras opcionais, para optimizar a motivación de todas as estudantes.
- Presentar estratexias para practicar autonomamente a audición (uso de subtítulos, transcripcións, etc.)
- Destacar o impacto indirecto da lectura na mellora da comprensión oral: recoñecemos con máis facilidade o vocabulario con que nos topamos previamente.



ACOMPANHAR

- **Ofrecer vías alternativas para participar:**

Permitir que o alumnado poida responder oralmente, usar ordenador ou gravar un audio en lugar de escribir á man, cando sexa preciso.

- **Adaptar tempos, ritmo e dinámica:**

Dar máis tempo cando sexa necesario e organizar a actividade para evitar desprazamentos innecesarios; por exemplo, adaptando os grupos ou achegando os materiais ao seu lugar.

- **Coidar a accesibilidade dos espazos e materiais:**

Asegurar que o posto, os recursos e os materiais sexan accesibles, cómodos e fáciles de usar.

- **Apoiar sen substituír:**

Prestar axuda puntual cando sexa necesaria, favorecendo a autonomía e a participación activa do alumnado.



EVITAR

- Propoñer actividades que dependan só da motricidade fina ou da rapidez física.
- Tarefas que esixan escribir moito á man ou manipulación complexa, sen alternativas, poden dificultar a participación.
- Sobreprotexer ou facer as tarefas polo alumnado.
- Un exceso de axuda pode limitar a autonomía e a confianza nas propias capacidades.
- Centrar a intervención nas limitacións.
- Un enfoque baseado no déficit pode afectar á motivación, á autoestima e ás expectativas de aprendizaxe.
- Ignorar a accesibilidade do espazo, dos materiais ou dos tempos.
- Non adaptar a organización da aula nin os recursos pode xerar barreiras innecesarias para a participación.



POTENCIAR

- **Participación activa:**

Dinámicas de aula que prioricen a interacción oral, facilitando que todo o alumnado poida participar sen limitacións físicas. Que o espazo da aula sexa accesible e permita moverse ou participar desde o seu lugar sen dificultades.

- **Autonomía:**

Ensinar ao alumnado a utilizar recursos e ferramentas tecnolóxicas . Propor tarefas nas que o alumnado poida escoller a forma de realizalas.

- **Autoestima:**

Recoñecer e reforzar os logros e avances do alumnado, Crear ambiente no que o erro se entenda como parte natural da aprendizaxe.



ACOMPANHAR

- Prestar axuda sempre que a precisen e a acepten.
- Falar directamente co alumnado para coñecer as súas necesidades e levar así un mellor seguimento do progreso así como proporcionar máis confianza.
- Usar materiais adaptados (textos con tamaño ampliado e ben entreliñados), así como proporcionar outros materiais de apoio.
- Proporcionar sempre descrições verbais das actividades, tarefas ou xogos a realizar na aula.



EVITAR

- Prácticas pouco inclusivas, como non describir o que se escribe, proxecta ou amosa na aula, ou non prever alternativas de acceso á información visual.
- Sobrecargas innecesarias, como materiais con letra pequena, exceso de texto, pouco contraste, organización visual confusa ou tarefas que dependen só da canle visual.
- Situacións de dependencia ou exposición, que obriguen a pedir axuda continuamente ou fagan que a persoa se sinta sinalada diante do grupo.
- Enfoques centrados na dificultade, que poñan o foco no que a persoa non pode facer en lugar de axustar a práctica docente para facilitar a súa participación e aprendizaxe.



POTENCIAR

- Potenciar o uso da lingua oral mediante actividades comunicativas (diálogos, debates, interaccións en parellas ou grupos), favorecendo a participación activa do alumnado.
- Fomentar a autonomía proporcionando estratexias que permitan ao alumnado organizar o seu propio proceso de aprendizaxe.
- Fomentar a autoestima valorando publicamente as contribucións do alumnado na aula e destacando as súas fortalezas individuais.
- Manter unha comunicación aberta para saber que necesita e como se sente o alumnado.



ACOMPANHAR

- Potenciar o traballo de grupo, para que a persoa con altas capacidades, a través da colaboración entre iguais, atope un equilibrio académico e emocional dentro do proceso de aprendizaxe.
- Antes de comezar cun novo contido ou tarefa, explicar todo claramente: cal é, como se afrontará e para que. E intentar cumprir co explicado. Eventualmente, propoñer tarefas extras para realizar na casa e así manter un bo nivel de motivación e de independencia.
- Máis que na aula, estaría ben aproveitar as titorías para obter e dar feedback sobre o proceso de aprendizaxe (o seu ritmo, que se pode engadir ou quitar, como vai o traballo dentro e fóra da aula, etc).



EVITAR

- Despois de coñecer os puntos fortes e as dificultades da persoa, non implicala en intervencións e actividades que sabemos que máis lle custan. Por exemplo, se non é quen de improvisar algo, pedirlle só que expoña tarefas realizadas previamente (na casa o na aula).
- Aplicar o reforzo negativo, reducindo a cantidade de actividades que xa vemos que domina, para evitar que se desmotive ou se aburra.
- O déficit fúndase nun superávit: máis ritmo de aprendizaxe e máis capacidades de elaboración de contido con respecto ás demais persoas da clase. O obxectivo sería evitar que se ille e que avasale o resto do grupo.



POTENCIAR

- Estimular a curiosidade e a profundización en temas do seu interese (cinema, literatura, historia, actualidade...), favorecendo que poida investigar, relacionar ideas e expresar conclusións críticas na lingua obxectivo.
- Favorecer a reflexión lingüística e a análise de matices, comparacións e usos da lingua, especialmente cando isto contribúa a enriquecer a súa aprendizaxe e a manter o seu interese.
- Recoñecer e reforzar os logros acadados, sen dar por feito o seu rendemento, coidando tamén a motivación, a autoestima e o vínculo positivo coa aprendizaxe.

Sobrecarga Cognitiva



ACOMPANHAR

- Utilizar pímulas de aprendizaxe dividindo o contido en bloques curtos de 20 minutos para evitar a fatiga e a saturación e alternando estas explicacións con actividades prácticas que permitan asentar o aprendido antes de avanzar.
- Proporcionar guías, esquemas ou glosarios impresos como apoio visual estable durante a clase. Isto axuda a reducir a carga de memoria, diminúe a ansiedade ante o esquecemento de información e facilita seguir o ritmo da actividade sen depender só da memoria inmediata.
- Validación emocional para conectar os novos coñecementos coa súa experiencia previa para que se sintan competentes e valorados. Isto tamén reforza a súa seguridade transformando o erro nun paso natural do proceso.



EVITAR

- Emparellar este alumnado con perfís de alumnado rápido, impaciente e/ou con afán de protagonismo, que non lle dean tempo ou espazo para actuar.
- Presentar información e explicacións de contidos moi densos na mesma sesión.
- Proporcionar todo o material de traballo e tarefas a través da aula virtual ou formatos dixitais



POTENCIAR

- **Activar coñecementos previos:**
Relacionar a nova información con experiencias e saberes xa consolidados; por exemplo, a través de preguntas persoais, situacións reais ou exemplos contextualizados.
- **Diversificar canles de apoio:**
Combinar soporte oral, escrito e visual, e ofrecer pausas, repeticións e materiais de apoio cando sexa preciso.
- **Favorecer actividades cooperativas estruturadas.**
Propor tarefas en parellas ou pequenos grupos, con roles claros e obxectivos alcanzables, reforzando a confianza mediante feedback positivo centrado no progreso.



PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN

PRESENTAR SOLICITUDE



- **Cando solicitalo?**

No momento de facer a matrícula
Ou como máximo ata o 30 de outubro.

- **Cómo?**

Cubrir o Anexo 5 (dispoñible na web da escola).

- **Que documentación se ten que presentar?**

- Tarxeta de discapacidade, ou
- Certificado médico oficial (selado con número de colexiado)

- **Onde se entrega?**

Na secretaría do centro

👉 **Recoméndase facelo a ordenador para maior claridade.**

⚠️ **Non se aceptan informes non oficiais.**

⚠️ **No Anexo 5 deberá constar claramente:**

- **A condición do/a solicitante (situación ou dificultade);**
- **As adaptacións que se precisan.**

👉 Canto máis claro e conciso, mellor se poderá valorar a solicitude.



PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN

PROCEDEMENTO

- **Tramitación administrativa:**

A documentación entrégase en secretaría e incorpórase ao expediente.

A xefatura de estudos:

- Elabora unha listaxe de solicitudes;
- Remíteas á inspección educativa mediante sede electrónica.

⚠ As adaptacións non se resolven no centro.

- **Intervención do equipo de orientación específico:**

A inspección deriva os casos ao equipo de orientación.

O equipo:

- Contacta co alumnado;
- Realiza unha entrevista individual;
- Determina as adaptacións necesarias;
- Emítese un informe que se remite á xefatura de estudos.

- **Aplicación das adaptacións:**

- A xefatura de estudos informa ao profesorado implicado;
- O profesorado é responsable de:
 - Aplicar as adaptacións nas probas e avaliacións;
 - Garantir o cumprimento das medidas indicadas.

- **Confidencialidade**

O informe do equipo de orientación:

- Non se entrega ao alumnado
- Debe tratarse con estrita confidencialidade

- **Consideracións finais**

As adaptacións deben aplicarse conforme ao informe recibido.

Calquera dúbida debe ser consultada coa xefatura de estudos.

Lexislación básica

A atención á diversidade e a inclusión educativa son principios fundamentais do sistema educativo actual, orientados a garantir a equidade e a igualdade de oportunidades. A lexislación vixente, tanto estatal como autonómica, establece o marco para dar resposta ás necesidades educativas do alumnado. Este documento recolle as principais normas que regulan a atención ás necesidades educativas especiais e a inclusión.

LOMLOE



Lei educativa vixente que establece o modelo de educación inclusiva e regula o alumnado con NEAE.

Artigos clave:

Art. 71 → Principios da atención á diversidade

Art. 72 → Recursos e apoios

Art. 73 → Alumnado con NEE

Art. 79 bis → Equidade e inclusión

Decreto 229/2011 (Galicia)



Norma autonómica que regula a atención á diversidade en Galicia e organiza as medidas educativas.

Artigos clave:

- Art. 6–10 → Medidas de atención á diversidade
- Art. 11–15 → Recursos e organización
- Art. 16–20 → Escolarización

Orde do 8 de setembro de 2021 (Galicia)



Norma que desenvolve o Decreto 229/2011 e concreta a aplicación práctica da atención á diversidade.

Artigos clave:

- Cap. II–III → Avaliación psicopedagóxica
- Cap. IV → Escolarización
- Cap. V → Medidas de atención á diversidade
- Cap. VI → Seguimento e documentación

Lexislación básica

Esta normativa busca garantir que todo o alumnado teña as mesmas oportunidades, adaptando o sistema ás súas necesidades. O seu valor real está en como o profesorado a aplica no día a día para facer unha educación máis inclusiva.

Específico para EOI: Real Decreto 1/2019



Norma que regula os principios comúns de avaliación das probas de certificación nas Escolas Oficiais de Idiomas

Artigos clave:

- Art. 2 → Ámbito de aplicación (todas as probas e modalidades)
- Art. 3 → Principios xerais de avaliación
- Art. 3.9 → Inclusión: adaptacións para alumnado con discapacidade

Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (ONU, 2006)



Marco internacional que recoñece o dereito á educación inclusiva para todas as persoas.

Artigo clave:

- Art. 24 → Dereito á educación inclusiva:
 - igualdade de oportunidades
 - accesibilidade
 - apoios individualizados



escola oficial
de idiomas
da **Coruña**

GUÍA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

GUÍA DE PAUTAS Y PROTOCOLOS DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA

FICHAS DE ACTUACIÓN
SOLICITUDE DE ADAPTACIÓN
MARCO LEGISLATIVO

COORDINACIÓN CONVIVENCIA E BENESTAR

